

Festas de San Marcos en Noia



SANTIAGO FREIRE

ALCALDE DE NOIA

«As festas representan unha referencia para a comarca»

Redacción

— **Que significado teñen as Festas de San Marcos para Noia?**

— Son unha tradición secular na nosa vila e seguen mantendo o seu espírito de feira agrícola, comercial e gandeira de sempre. Iso si, actualizada aos novos tempos cunha ampla oferta lúdica, festiva e gastronómica para satisfacer a distinto tipo de público.

— **Como contribúen as festas á conservación das tradicións locais?**

— Supoñen unha importante aportación ás tradicións locais con marcado carácter comercial, onde se mesturan distintas actividades folclóricas tradicionais coas verbenas e unha oferta moi variada de atraccións.

— **Que elementos da cultura noiesa se ven máis reflectidos?**

— Poderíase dicir que recolle moitos elementos da cultura noiesa vinculados a tradición artística e musical desta fermosa vila, orixen de figuras relevantes do eido musical como Prudencio Romo, os Tamara, Felipe Paz Carvajal ou Esperanza Mara. Ademais da ampla canteira de músicos que integran o Conservatorio, a Banda de Música e os diversos grupos folclóricos da localidade, sen esquecer a tradición das orquestras locais, cun expoñente destacado como é a París de Noia, que promociona a nosa vila en todo o territorio no que actúa.

— **Unha celebración como esta non é posible sen a colaboración dos veciños. Que papel xogan os noieses na preparación e celebración destes festexos?**

— Por suposto que o papel dos veciños é fundamental, por iso acada ano tras ano unha participación de público noiés moi reseñable e atrae tamén moitos veciños doutras localidades. É fundamental a participación de todos pero respectando as normas e os bens públicos para que todo discurra con normalidade.

— **Como vive vostede estas festas: como alcalde ou como veciño?**

— Sempre tiveron un significado especial para min dende neno, pero evidentemente como alcalde representan unha responsabilidade e para o Concello unha aposta económica que consideramos ao mesmo tempo unha inversión que repercute na hostalería e no comercio e confiamos que un ano máis sexa do agrado do público participante.

— **Que desafíos ten por diante Noia para mellorar as festas no futuro?**

— As Festas de San Marcos, e tamén

outras da localidade, amosaron un nivel moi axeitado nos últimos anos con niveis de participación e satisfacción elevados. O reto é seguir mantendo a innovación e o interese para o público con

actividades de todo tipo, garantindo a súa pervivencia no tempo e continuar representando unha referencia para a comarca no inicio da temapada festiva previa ao verán.



Santiago Freire Abeijón (Lousame, 1967), alcalde de Noia.



Festas de San Marcos en Noia

Tres días para deixar sen folgos a veciños e visitantes en Noia


Redacción

Como cada 25 de abril, o Concello de Noia comeza hoxe as Festas de San Marcos, unha das citas máis agardadas durante todo o ano no municipio. O tradicional festexo comezará ás 10.00 horas co lanzamento de bombas de palenque e dinas e alboradas a cargo do grupo Cherumia, que darán paso á Feira Cabalar e de Maquinaria Agrícola en San Lázaro. Ao mediodía oficiarase a misa solemne con procesión en Santa Cristina de Barro.

As actividades continuarán xa po-

la tarde, con xogos populares para nenos no Campo da Feira dende as 17.00 horas. Despois, a música pasará a ser a gran protagonista. A partir das 21.00 horas coas actuacións de La Gramola e Boomers na Rúa do Curro e coa verbena na Alameda, que comezará ás 21.30 horas coa orquestra Finisterre e que continuará pasada a medianoite coa Disco Móvil CDC.

Mañá, sábado, a xornada festiva volverá comenza á mesma hora, ás 10.00, co lanzamento de novo de bombas de palenque e un pasarrúas da Banda de Música de Noia. Ás



A orquestra New York poñerá o broche de ouro ás festas.

13.00 horas, a propia Banda Municipal ofrecerá un concerto na Praza da Constitución. Pola tarde, de 17.00 a 20.00 horas, os máis pequenos da casa serán os protagonistas, con inchables instalados na praza do Curro. Entre medias, dende as 18.00 horas haberá Boxeo e Kickboxing no pavi-

llón Agustín Mourís con MFC Showdown 045.

Ás 22.00 chegará a verbena, coa gran estrea na Alameda da orquestra Panorama City. Unha hora despois, ás 23.00, Black Black levará á praza do Tapal os éxitos dos anos 70, 80 e 90, e a Chocolate Disco Móvil pechará a

xornada dende as 00.30 horas na Alameda.

O derradeiro día das festas, o domingo 27, o lanzamento de bombas de palenque e as dianas e alboradas do grupo Os Salgueiriños anunciarán, ás 10.00 horas, o comezo da xornada. A continuación, ás 11.00 horas, terá lugar a VIII Foliada de grupos de música tradicional, coa presenza de oito agrupacións: Canlebo, Nunca é tarde, Cherumia, Falcoeira, Jait@s Blue, Club de Pensionistas de Noia, Ébora e Os Salgueiriños. As distintas agrupacións percorrean as rúas, con actuación en distintas prazas da localidade, antes de reunirse ás 13.00 horas na Alameda, onde se reunirán e realizarán unha actuación conxunta.

O concerto ás 20.00 horas na praza do Curro da banda de música tradicional Leirabuxo e verbena na Alameda, dende as 20.30 horas, a cargo da orquestra New York, poñerán o broche final aos festexos.



Autos Patiño Noia, s.l.
www.autospatino.es



Pol. Industrial Augalevada. Parc 10
Noia (A Coruña)
T. 981 824 865 • M. 629 212 851
gerencia@autospatino.volkswagen.es



FABRICA DE MUEBLES DE COCINA Y BAÑO
www.mueblesolmedo.com 981 822 504 630 279 550 NOIA



rotulosageitos@gmail.com 981 821 565
Departamento Comercial 636 969 781

**ROTULACIÓN
LUMINOSOS
IMPRESIÓN
VEHÍCULOS
NAVES INDUSTRIALES
LONAS**



**PIZZERIA
VENECIA**

ESPECIALIDAD | MENÚ DEL DÍA
Bacalao a la portuguesa | Tapas de pulpo y otras
C/ Romero Blanco • Tfno. 981 82 32 12 • 15200 Noia



Novapannoiá, s.l.
NOIA N.R.S.I. 20.29981/C

novapannoiasl.weebly.com | novapannoiasl@gmail.com

Panaderías: A BARQUÍÑA • T. 981 823 945
Cabo de Cruz • C/ Panadería 240 • T. 981 84 57 05
Despacho: C/ Escultor Ferreiro Carreiraña, 34 Baixo • T. 981 822 553



**Transportes
EL JAIME**

DELEGACIONES NOIA | C/ Cuba, 5 - T. 981 820 676
Santiago | C/ republica checa, 27 - T. 981 574 418



**CLICKFER
ALQUINOIA**

C/ Bouciñas, 12-14 • Portobravo - Lousame | T: 604 076 221



I.G.S.A.
ASESORES DE EMPRESAS
LABORAL - FISCAL - CONTABLE

**AUDITORÍAS
ECONÓMICO | FINANCIERO
SUBVENCIONES Y AYUDAS OFICIALES**

EN NOIA. C. Perito Basilio, 2-1º C • T. 981 842 130 - F. 981 824 676
EN RIBEIRA. Campo de Marte, nº 3 - 1º - T. 981 835 621 - F. 981 874 262

Desde 1993,
más de 30 años al servicio
de nuestros clientes

Horario de oficina: lunes a viernes de 9.00 a 15.00 h
www.igsasesores.com